

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN**  
**CURSO 1º**  
**DATA: 10 MAIO 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura.**

| <b>Criterio de avaliación</b>  | <b>Estándar de aprendizaxe</b>  |
|--|---|
| B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra. | LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.  |
| B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.   | LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.   |
| B2.4. Mostrar interese e gusto pola lectura.   | LCB2.4.1 Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer.  |
| B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos                   | LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas. |
| B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.                              | LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.  |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura.**

| <b>Criterio de avaliación</b>   | <b>Estándar de aprendizaxe</b>   |
|---|--|
| B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. | LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. |

|   |  |
|---|--|
| B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.  | LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. |
| B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.  |
| B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.   | LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.  |
| B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.  | LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.                       |

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais.

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.  | CSB1.4.1.Identifica a terminoloxía propia da área.  |
| B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | CSB2.1.1.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. |

|  |  |
|--|--|
| B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros. | CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. |
| B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.  | CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.   |
| B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.  | CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.  |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-Ciencias da natureza.**

| <b>Criterio de avaliación</b>  | <b>Estándar de aprendizaxe</b>   |
|--|--|
| B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.   | CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.   |
| B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.                                   |
|  | CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. |

|   |   |
|---|---|
| B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. |
|---|---|

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas**

| <b>Criterio de avaliación</b>   | <b>Estándar de aprendizaxe</b>   |
|---|--|
| B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.   | MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.   |
| B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.   | MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.                 |
| B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.   | MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.                |
|   | MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. |
| B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.  |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés**

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.  | PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.  |
| Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas,  | PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.   |
| Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.   | PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.  |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica.**

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| BL 1.1 Identificar e valorar a creación como acto de Deus ao home.     | 1.2 Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.                 |
| BL 1.2 Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home. | 2.1 Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus. |
| BL 1.3 Coñece que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.           | 3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar |

|  |   |
|--|---|
|  | con Deus.   |
| BL 2.1 Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home. | 1.2 Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración, etc. |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Valores sociais e cívicos.**

| <b>Criterio de avaliación</b>  | <b>Estándar de aprendizaxe</b>   |
|--|--|
| B1.2.Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.                      | VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.   |
| B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.                                     | VSCB1.4.1.Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.                                 |
| B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal | VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas. |
| B2.3.Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.  | VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.              |

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical.**

| <b>Criterio de avaliación</b>   | <b>Estándar de aprendizaxe</b>  |
|---|---|
| .1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. | EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. |
|   | EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.               |

|  |  |
|--|--|
| B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. | EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. |
| B3.2. Realizar pequenas coreografías.  | EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.      |

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica.

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.   |
| Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. | EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.   |
| Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.   | EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.               |
| Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.   | EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posterior obras plásticas. |
| Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.   | EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.                              |

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física.

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar | EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base |



|  |  |
|--|--|
| movimentos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.                                  | de sustentación estable.   |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. | EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.   |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. | EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.                               |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. | EFB3.1.4. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. |
| B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.   | EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.   |

### Competencias Clave

- CCL: Coñecer o vocabulario básico e específico de cada área, expresar de forma oral e escrita as súas emocións e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo.
- CMCT: Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas, resolver e realizar problemas matemáticos con operacións.
- CD: Usar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.
- CAA: Sentirse protagonista do proceso e resultado da súa aprendizaxe.
- CSC: Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade) e respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- CSIEE: Manifestar gusto e certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e acada os instrumentos precisos para ter iniciativa na toma de decisións.
- CCEC: O valor, identificar e utilizar as manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas. Crear e reproducir obras propias con elementos artísticos e culturais.

| <b>Avaliación e cualificación</b> |  |
|-----------------------------------|--|
| <b>Avaliación</b>                 | <p>Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrase tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre (Nunca baixando a nota, sempre subindo se é o caso).</p> <p>Instrumentos:<br/>3º Trimestre: Os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas.</p> |
| <b>Cualificación final</b>        | <p>A cualificación obtérase do seguinte xeito:</p> <p>Alumnado do que se non ten seguimento: Mesmo nota que na segunda avaliación.</p> <p>Alumnado do que se ten seguimento: Partirase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota.</p>   |

| <b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>  | <p>Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.</p> <p><u>As actividades teñen o seguinte deseño:</u></p> <p>Matemáticas.: de repaso da escritura e lectura dos números, de composición e descomposición, de suma e resta, de cálculo mental, de ordenación, seriación, de representación (ábaco...) de posición, e de medida do tempo, e xogos matemáticos de manexo de números e resolución de problemas</p> <p>Lingua Galega e Literatura, Castelá e Literatura : Actividades de lectura y comprensión oral e escrita, de producións de pequenos textos, ilustracións de textos con debuxos redundantes copia e ditados, traballo de conciencia fonolóxica; cos diferentes sífonos, letras, sílabas (discriminación visual, composición de novas oracións, búsqueda de exemplos...), Traballo con diferentes textos tradicionais (adiviñas, trabalinguas, cancións, poemas..), tarefas de investigación. Actividades de repaso de normas básicas de ortografía, actividades de concordancia e actividades interactivas.</p> <p>Cienc. Sociais e Naturais: repaso de esquemas, preguntas diagnósticas e, ilustracións dos diferentes contidos, traballos de reflexión e investigación, exercicios de asociación de conceptos,</p> |

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
|                                    | <p>experimentación e recollida de datos e reflexións sobre os resultados, traballos plásticos. Xogos interactivos de repaso</p> <p>Valores Cívicos y Sociais: Actividades de reflexión e coñecemento sobre as distintas relacións coa, a familia, os amigos, e sobre si mesmo.</p> <p>Lingua Estranxeira : Actividades de repaso do vocabulario e estruturas gramaticais aprendidas no primeiro e segundo trimestre. Non se ampliará novos conceptos, pero usaranse contos e cancións non vistos para reforzar os contidos dos. As actividades deseñas son primeiro de comprensión de textos orais (unir, escoller a imaxe correcta, numerar) seguidas de comprensión e produción de textos escritos (encher espazos, unir, verdadeiro ou falso).</p> <p>Música: actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.).</p> <p>Relixión Católica: Actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopa de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes.</p> <p>Educación Física: Actividades de resolución de problemas nos distintos xogos, bailes das sesións que propoñemos.</p> <p>Actividades de imitación dun modelo nos vídeos de quecemento, coreografías...</p> <p>Educación Plástica: traballamos actividades dirixidas de imitación dun modelo; actividades de collage, construcións.</p> |
| <p><b>Metodoloxía</b></p>          | <p>Cien.Nat. e Soc., Mat., LCL., LGel., Val.So.Civ.:</p> <p>Mándanse actividades de repaso en PDF, que colgan na aula virtual do centro e inclúen maiormente actividades de papel, enlaces a vídeos, xogos interactivos.</p> <p>L. Estranxeira: vídeos de elaboración propio de repaso de vocabulario e contos. Imaxes e cancións de vocabulario e explicacións gramaticais. Actividades das diferentes destrezas deseñadas pola mestra de inglés subidas ao portal de LiveWorksheets. As actividades de produción oral enviaranse por correo electrónico polas familias.</p> <p>Educ. Musical: utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con video-tutoriais explicativos. O obxectivo principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos.</p> <p>E.F: Para a realización das tarefas mandase un vídeo explicativo da sesión.</p> <p>Educ. Plástica: Produción de obras artísticas.</p>   |
| <p><b>Materiais e Recursos</b></p> | <p>Cien.Nat. e Soc., Mat., LCL., LGel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais curriculares de elaboración propia.</li> <li>- Materiais curriculares de editoriais.</li> <li>- Xogos e aplicacións interactivas (abalar e outros...)</li> <li>- Enlaces a contos (<u>traballo das linguas</u>).</li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos educativos da web de Anaya – alumnado.</li> <li>- Explicacións individualizadas e repaso vía telefónica en casos puntuais.</li> </ul> <p>Val.Soc.Civ:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais curriculares de elaboración propia.</li> </ul> <p>.Lingua Estranxeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais curriculares de elaboración propia (vídeos...) curriculares de editoriais</li> <li>- Elaboración de materias con Live Worksheets.</li> <li>- Vídeos explicativos e cancións en Youtube.</li> <li>- Vídeos de elaboración propia.</li> </ul> <p>Educ. Musical</p> <p>partituras, vídeos e audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud) xunto con outros enlaces a fontes dixitais de interese.</p> <p>Educ. Plástica:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais de elaboración propia (cos posibles recursos das casas), composicións e materiais didácticos atopados na web, láminas...</li> </ul> <p>Educ.Física:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de cuestionarios con Google Forms</li> <li>- Vídeos explicativos de Youtube, vimeo..</li> <li>- Vídeos de elaboración propia ( para a explicación dos exercicios)</li> </ul> <p>- Materiais de elaboración propia, composicións e materias didácticos atopados na web, láminas...</p> <p>Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentar ben as bases, baixo das directrices da CCP.</p> <p>Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR.</p> |
|--|---|

| Información e publicidade                 |   |
|---|---|
| <b>Información ao alumnado e familias</b> | <p>O alumnado está informado a través das seguintes canles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga.</li> <li>-Correo electrónico do mestre/a.</li> <li>-Abalar- Mensaxeira e informacións.</li> <li>-Teléfono propio.</li> <li>-En Educación musical: puntualmente por Whatsapp (con familias que o necesitan para o envío de arquivos moi pesados por dificultades de dominio tecnolóxico).</li> </ul> |
| <b>Publicidade</b>                        | <p>Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalar móbil.</p>  |